



O Club de cans de familia "Só Iles falta falar" nace no ano 2008 coa finalidade de fomentar a tenza responsable de cans e a súa plena integración na sociedade.

Con este obxectivo organiza actividades coma roteiros por diferentes lugares, charlas formativas ou visitas a diversas entidades onde os cans desenvolven unha función de soporte terapéutico.

"Só Iles falta falar" avoga para que as distintas administracións habiliten o tan desexado distintivo "Disco Verde" -ou tamén chamado "Good Neighbours" existente noutros países da nosa contorna- que identifica os cans que estean debidamente socializados. Isto implicaría unha serie de "privilexios" para os mesmos (acceso aos edificios públicos, medios de transporte público...) e contribuiría ao logro dunha plena convivencia na nosa sociedade.

Con todo isto "Só Iles falta falar" quere demostrar que



OUTRO MODELO DE CONVIVENCIA
É POSIBLE.



Soporte terapéutico

Os nosos cans de soporte terapéutico axudan a mellorar a autonomía persoal, social e urbana, fomentan autocontrol emocional e xeran ilusión e responsabilidade.

É por isto que, semanalmente, visitamos diferentes entidades para realizar actividades tanto no propio centro escolar como ao ar libre pola cidade de Santiago de Compostela.



Antes de meter un can na casa, fala connosco!

Favorecemos e promovemos a educación e a adopción en refuxios que cumpran os requisitos legalmente establecidos. Dende hai tempo "Só Iles falta falar" colabora co "Refuxio de Bando" fomentando as adopcións sen retorno e realizando tests de carácter para atopares un can que se adapte ao teu estilo de vida.



"En Só Iles falta falar" non se realiza ningún tipo de actividade competitiva.

O noso traballo susténtase nun equipo multidisciplinar formado por mestres, psicólogos, especialista en conduta animal, gabinete xurídico,...

Asesoramos sobre profesionais debidamente acreditados que che axudarán na elección e na educación dun can axeitado as túas necesidades: de familia, de soporte terapéutico, de asistencia, rastrexador...

